



Camiño ás municipais

Eleccións municipais 2027

Conferencia Política · Movemento Sumar Galicia · 23 de maio de 2026



Índice

1. Introducción	3
2. Onde estamos	4
3. Cara onde imos	4
4. Relación coas candidaturas locais	6
a) Respecto pola autonomía local	7
b) Cooperación co conxunto do espazo progresista e de esquerda	7
c) Impulsar novas candidaturas onde non existan	7
d) A política municipal como ferramenta de unidade popular	7
5. Desafíos e oportunidades	8
6. Peche	8

Camiño ás municipais 2027

1. Introducción

O municipalismo debe constituír un dos piares centrais do proxecto político de Movemento Sumar Galicia. Son varios os motivos para reafirmar nesta centralidade do municipalismo, mais hai dous que compre destacar: o impulso de políticas públicas de proximidade e o asentamento organizativo do partido. Sobre o primeiro, é precisamente no ámbito local onde a política se fai máis próxima, máis útil e máis transformadora; onde a cidadanía experimenta directamente o funcionamento dos servizos públicos, das políticas sociais e da democracia, ao servizo das maiorías. O segundo ten que ver co asentamento organizativo de Movemento Sumar Galicia, só desde o local poden construírse unhas bases sólidas para avanzar como organización política a nivel nacional.

Neste relatorio municipalista centrarémonos máis na capacidade de impulsar políticas transformadoras desde o local, porque os concellos son a primeira institución á que acode a veciñanza cando existen problemas de vivenda, de coidados, de mobilidade, de acceso aos servizos públicos ou de desigualdade social. Aínda así, sobre a cuestión organizativa é preciso destacar que Movemento Sumar Galicia está nun proceso de consolidación organizativa territorial, impulsando estruturas comarcais e locais que permitan arraigar o proxecto político no territorio e fortalecer a participación democrática da militancia e da sociedade civil.

O ámbito local é tamén onde residen os espazos onde se constrúe comunidade, onde se organizan os vínculos sociais e onde a democracia pode ser máis participativa e máis real. Nun contexto de crise ecolóxica, desigualdade crecente, precarización da vida e avance de discursos reaccionarios, o municipalismo pode emerxer como unha ferramenta imprescindible para defender os dereitos das maiorías sociais, ampliar a democracia e fortalecer os servizos públicos.

Movemento Sumar Galicia entende o municipalismo non só como unha dimensión institucional, senón como unha forma de facer política baseada na participación cidadá, na cooperación, na proximidade e na construción colectiva. En coherencia cos principios políticos da organización, apostamos por un municipalismo democrático, feminista, ecoloxista, laborista e galeguista, que sitúe a vida das persoas no centro da acción política.

A Conferencia Política de 2026 constitúe un momento decisivo para fixar unha posición política clara e compartida a un ano das eleccións municipais de 2027. Esta conferencia debe servir para fortalecer unha estratexia municipal de país, asentada na cooperación política, no arraigo territorial e na capacidade de construír alternativas de goberno progresistas desde abaixo.

2. Onde estamos

Galicia presenta unha realidade municipal profundamente diversa. Conviven grandes cidades, vilas medias, concellos rurais, áreas metropolitanas e territorios afectados pola despoboación e o envellecemento. Cada realidade require respostas políticas propias, adaptadas ás necesidades sociais, económicas e territoriais de cada lugar.

Os concellos galegos afrontan hoxe unha situación estrutural de infrafinanciamento. Durante anos as competencias asumidas polas administracións locais foron aumentando sen a correspondente transferencia de recursos económicos e humanos. Isto provocou unha crecente dificultade para garantir servizos públicos de calidade e unha dependencia cada vez maior doutras administracións.

Ao mesmo tempo, asistimos a dinámicas recentralizadoras que limitan a autonomía local e reducen a capacidade dos concellos para desenvolver políticas transformadoras adaptadas ás súas realidades. A nova Lei de Administración Local impulsada pola Xunta de Galicia supón un risco evidente de enfraquecemento do poder municipal e de redución da capacidade de decisión das administracións máis próximas á cidadanía. Neste sentido, en Movemento Sumar Galicia debemos defender o principio de autonomía local non só por se unha facultade garantizada constitucionalmente senón como un elemento fundamental da nosa democracia. Así sendo, comprometémonos a impulsar medidas centradas na mellora do financiamento, e por extensión desta autonomía local, naquelas cámaras de representación onde teñamos presenza.

O obxectivo é fortalecer as entidades locais para que o municipalismo galego teña capacidade par confrontar con desafíos fundamentais como son:

- a crise da vivenda;
- a expansión da turistificación;
- o deterioro dos servizos públicos municipais;
- o abandono do rural;
- a precarización dos coidados;
- o debilitamento do comercio local;
- e a desafección política dunha parte importante da cidadanía, especialmente da mocidade.

Fronte a iso, hai que potenciar a visión dos Concellos como espazos fundamentais de resistencia democrática e de construción de alternativas políticas.

3. Cara onde imos

Movemento Sumar Galicia aposta decididamente por un municipalismo democrático e participativo, que abra as institucións á cidadanía e converta os concellos en espazos de participación real, transparencia e rendición de contas.

Defendemos políticas públicas que aumenten a participación e a transparencia como poden ser:

- os orzamentos participativos;
- os consellos cidadáns;
- os procesos de consulta e deliberación pública;
- e os mecanismos permanentes de diálogo co tecido asociativo, veciñal, cultural e sindical.

A democracia municipal non pode limitarse ao voto cada catro anos. Debe construírse diariamente desde a participación popular e o protagonismo social.

A nosa aposta municipalista é tamén profundamente feminista e centrada nos coidados. O actual modelo económico e institucional sostense sobre unha organización desigual dos coidados que recae fundamentalmente sobre as mulleres. Por iso, defendemos políticas municipais que coloquen a sustentabilidade da vida no centro:

- reforzo dos servizos sociais;
- políticas públicas de conciliación;
- espazos públicos seguros;
- loita contra as violencias machistas;
- e desenvolvemento dun verdadeiro sistema público de coidados.

O ecofeminismo debe atravesar todas as políticas locais, especialmente as relacionadas coa mobilidade e o urbanismo, competencias ambas netamente do ámbito local. Unha mellora nestes campos de acción política significa unha mellora nos tempos de vida e no acceso aos servizos públicos. Por iso, defendemos tamén un municipalismo ecoloxista e sustentable, capaz de afrontar a emerxencia climática desde o ámbito local:

- fortalecendo e electrificando o transporte público;
- promovendo unha mobilidade sustentable social e ambientalmente;
- ampliando zonas verdes e de lecer;
- defendendo a xestión pública da auga;
- impulsando as comunidades enerxéticas locais;
- defendendo o dereito a modelos urbanísticos pensados para vivir e non para especular.

As cidades e vilas deben ser espazos para a vida da xente e non para o beneficio das grandes empresas, dos fondos especulativos ou da turistificación descontrolada.

O problema da vivenda require dunha estratexia integral de país na que os concellos teñan ferramentas para:

- limitar pisos turísticos;
- mobilizar vivenda baleira;
- ampliar parque público;
- rehabilitar vivenda;
- e frear os procesos de expulsión da veciñanza.

Movemento Sumar Galicia aposta ademais por un municipalismo laborista e defensor dos servizos públicos municipais. Os concellos deben ser motores de igualdade social e garantía de dereitos básicos como é o caso de:

- servizos sociais;
- cultura;
- educación;
- deporte;
- mobilidade;
- atención comunitaria;
- e políticas xuvenís.

A economía social debe converterse nun eixo estratéxico do desenvolvemento local a través de múltiples propostas como:

- cooperativas;
- empresas culturais;
- comercio de proximidade;
- economía circular;
- produción agroecolóxica;
- e iniciativas comunitarias.

Queremos fortalecer o poder local como ferramenta de cohesión territorial e igualdade entre comarcas, cidades e rural. As eleccións municipais de 2027 representan unha oportunidade para consolidar o proxecto político de Movemento Sumar Galicia, ampliar a súa presenza institucional e fortalecer unha alternativa progresista e transformadora en todo o país.

4. Relación coas candidaturas locais

Movemento Sumar Galicia recoñece e pon en valor o importante patrimonio político e social construído ao longo dos últimos anos polo municipalismo transformador galego. As candidaturas municipalistas, as mareas locais, os espazos de unidade popular e as plataformas cidadás demostraron que é posible gobernar desde a proximidade, a honestidade, a participación cidadá e a defensa da maioría social.

Moitos destes proxectos continúan sendo hoxe referencias fundamentais do espazo progresista galego, tanto na oposición como en responsabilidades de goberno municipal.

Movemento Sumar Galicia entende que a construción dunha alternativa política ampla en Galicia pasa necesariamente pola cooperación, o respecto mutuo e a capacidade de sumar coas candidaturas municipalistas xa existentes.

O principio político de suma e cooperación debe constituír o eixo da nosa acción municipal.

Por iso:

- recoñecemos a pluralidade política e organizativa do espazo progresista galego;
- defendemos a colaboración coas organizacións e candidaturas existentes;
- e apostamos por construír espazos amplos de cooperación política e social.

Movemento Sumar Galicia manterá unha relación de acompañamento, apoio e coordinación coas candidaturas municipais do espazo progresista nas que participan persoas da nosa organización e coas que compartimos horizonte político e programático. Especialmente, defenderemos dinámicas de colaboración estables cos espazos municipalistas que xa contan con representación institucional ou responsabilidades de goberno.

A nosa posición política baséase en varios principios fundamentais:

a) Respetto pola autonomía local

Cada territorio presenta dinámicas políticas, sociais e organizativas diferentes. As decisións sobre fórmulas electorais, alianzas ou espazos de confluencia deben respectar a autonomía política das organizacións e candidaturas locais. Movemento Sumar Galicia non defenderá modelos uniformes nin imposicións verticais alleas á realidade de cada concello.

b) Cooperación co conxunto do espazo progresista e de esquerda

Defendemos o diálogo e a cooperación co resto de organizacións políticas aliadas do espazo transformador galego e estatal, así como plataformas veciñais, movementos sociais e candidaturas cidadás. O obxectivo debe ser construír acordos programáticos amplos, útiles e centrados nas necesidades reais da cidadanía.

c) Impulsar novas candidaturas onde non existan

Naqueles territorios, en especial nas cidades, onde non existan candidaturas do espazo progresista ou municipalista, Movemento Sumar Galicia comprométese a promover espazos amplos e abertos de encontro cidadán.

Eses espazos deberán:

- fomentar a participación social;
- favorecer o diálogo entre organizacións;
- construír proxectos arraigados no territorio;
- e facilitar candidaturas municipais plurais e transformadoras.

A nosa aposta é construír desde abaixo, desde a cooperación e desde o protagonismo da sociedade civil organizada.

d) A política municipal como ferramenta de unidade popular

Movemento Sumar Galicia entende que o municipalismo debe contribuír a reconstruír confianza e fortalecer unha cultura política baseada no acordo, na cooperación e na defensa do ben común. O obxectivo non é só obter representación institucional, senón construír maiorías sociais duradeiras capaces de transformar Galicia desde o ámbito local.

5. Desafíos e oportunidades

O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) representa un exemplo claro das limitacións do actual modelo municipal cando non existe financiamento suficiente nin vontade política por parte da Xunta de Galicia. A Xunta mantén as competencias exclusivas en materia de servizos sociais, pero delega progresivamente responsabilidades nos concellos sen garantir os recursos necesarios. Isto provocou:

- precarización laboral;
- privatización dos cuidados;
- sobrecarga financeira municipal;
- e desigualdade territorial.

Movemento Sumar Galicia aposta por:

- un gran pacto galego polos cuidados;
- a dignificación das traballadoras do SAF;
- a remunicipalización progresiva dos servizos;
- e a asunción plena das competencias e financiamento por parte da Xunta.

Os cuidados non poden depender da capacidade económica de cada concello.

Outro dos grandes desafíos será a nova Lei de Administración Local de Galicia, que pode limitar a autonomía municipal e reducir a capacidade dos concellos para desenvolver políticas propias.

Defendemos:

- máis autonomía local;
- financiamento suficiente;
- descentralización;
- e fortalecemento do poder municipal.

Ao mesmo tempo, o municipalismo representa unha oportunidade política fronte á desafección democrática e ao avance da extrema dereita.

Os gobernos locais son espazos privilexiados para reconstruír vínculos comunitarios, recuperar confianza nas institucións e demostrar que a política pode mellorar a vida da xente.

6. Peche

Movemento Sumar Galicia entende o municipalismo como unha estratexia de país e non unicamente como un obxectivo electoral. Os concellos son fundamentais para construír unha Galicia máis democrática, feminista, ecoloxista e socialmente xusta. As eleccións municipais de 2027 deben entenderse como unha etapa dentro dun proceso máis amplo de construción da nosa organización, onde se recupere o papel da militancia.

Para iso será necesario:

- reforzar a organización territorial;
- ampliar a presenza institucional;
- fortalecer os vínculos coa sociedade civil;
- e consolidar espazos amplos de cooperación política e social.